Polo tanto, é urxente que canto antes se lle poña remedio a estas carencias que leva arrastrando o Porto Seco de Monforte dende a súa inauguración e é o momento de que unha vez por todas a Xunta de Galicia cumpra os seus compromisos con Monforte de Lemos.

O Porto Seco de Monforte é competencia da Xunta de Galicia pero teno totalmente abandonado e non atende á necesidade de dotar a este centro loxístico intermodal duns accesos que lle permitan ser operativos mediante o viario de conexión coa N-120. A estas alturas segue pendente a execución do tramo de menos de 1 km de largo que contemplaría os accesos do Porto Seco coa N-120. Ata o de agora o seu único acceso viario vai dar ao viario que une Monforte coa Pobra de Brollón, unha vía de comunicación estreita e sen beiravía, pouco axeitada para o tipo de tráfico que debe de xerar este parque empresarial.

E que nin sequera foi capaz o Goberno galego de construír o peirao de carga e descarga, dispositivo fundamental este para que o parque industrial se poida considerar intermodal, xa que sen un sistema así non sería posible o trasvase de mercadorías operativo entre a terminal ferroviaria e nas parcelas acondicionas ao seu lado.

CSV: BOPGDSPGoMlZibCU3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2021 12:22:39
Nº Rexistro: 21742
Data envio: 15/09/2021 12:22:39.230

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Cando ten pensado a Xunta de Galicia rematar a conexión do Porto Seco de Monforte de Lemos coa N-120?

2ª) Vai a Xunta de Galicia habilitar un peirao intermodal no Porto Seco de Monforte?

Pazo do Parlamento, 15 de setembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 15/09/2021 12:17:53

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 15/09/2021 12:18:09

CSV: BOPGDSPGoMlZibCU3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2021 12:31:13
Nº Rexistro: 21748
Data envio: 15/09/2021 12:31:13.899

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O curso académico 2021-2022 comezou de igual xeito que o pasado no que as medidas sanitarias e de protección fronte á covid-19 se refire: distancias, uso de máscaras e hidroxel, grupos estables de convivencia …

Isto obriga a unha organización tamén similar do curso escolar por parte das direccións dos centros educativos en canto á organización de espazos e sobre todo de profesorado. Por esta razón, non se entende que nun ano como o actual, cunha achega extraordinaria de fondos que o Goberno galego debería dedicar a educación, moitos centros educativos en Galicia se atopen con problemas de falla de profesorado.

É o caso da situación que sofren os CEIP Monte dos Postes e As Fontiñas de Santiago de Compostela, que este curso teñen que compartir profesorado de maneira que o centro As Fontiñas conta con 12 titores para 13 aulas e en Monte dos Postes faltan por completar 3 dedicacións.

A falla de profesorado, da que son coñecedores todos os organismos implicados da Consellaría de Educación, provoca problemas lóxicos de índole pedagóxica, dándose circunstancias tan sorprendentes e impensables como, por exemplo, que unha aula de segundo curso de Primaria do CEIP Monte dos Postes contará este curso con 8 docentes. Nese curso a Administración educativa aprobara en xuño un desdobre pero que non resolveu correctamente co prexuízo lóxico para o centro.

Hai que salientar que o alumnado matriculado nos dous centros con respecto ao ano pasado non diminuíu, e polo tanto, a dotación persoal debería manterse ou mellorarse. Neste senso, a itinerancia do profesorado entre estes dous centros afecta tamén ás prazas de PT e AL, coa afectación que isto ten sobre o alumnado con necesidades educativas especiais. No caso concreto do CEIP das Fontiñas cada alumna/o que se matriculou de forma extraordinaria ten NEAE (necesidades específicas de apoio educativo).

CSV: BOPGDSPGoMlZibCU3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2021 12:31:13
Nº Rexistro: 21748
Data envio: 15/09/2021 12:31:13.899

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Se o que se persigue é a calidade do ensino a dotación humana nos centros educativos é fundamental e por iso, diante desta situación facilmente solucionable a deputada e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Como valora a Xunta de Galicia a situación que sofren os CEIP Monte dos Postes e As Fontiñas, en Santiago de Compostela, que teñen que compartir profesorado deixando clases sen titorías a tempo completo?

2ª) Considera o Goberno galego admisible que dous centros de educación infantil e primaria, con 900 estudantes e deles moitos con necesidades educativas especiais, compartan unha praza de Pedagoxía Terapéutica e outra de Audición e Linguaxe?

3ª) Vai tomar a Xunta de Galicia algunha decisión para solucionar o grave problema que supón esta falta de profesorado nos CEIP Monte dos Postes e As Fontiñas?

Pazo do Parlamento, 15 de setembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 15/09/2021 12:13:40

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 15/09/2021 12:13:52

CSV: BOPGDSPGoMlZibCU3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2021 12:56:04
Nº Rexistro: 21759
Data envio: 15/09/2021 12:56:04.097

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Carme González Iglesias**, **Luis Bará Torres, Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza sofre as consecuencias dun modelo político centralista que limita a súa capacidade de autogoberno. Entre os diferentes ámbitos no que isto ten repercusión, salienta o enerxético polo momento de cambio que está a experimentar. Así as cousas, nun contexto marcado pola emerxencia climática e a aceleración da descarbonización, faise máis evidente a limitación que o noso país ten respecto de moitos dos seus recursos e a súa xestión.

No verán de 2021 fíxose evidente de novo a limitación ao autogoberno que supón a combinación de que a gran hidráulica sexa de xestión estatal e que, asemade, moitos dos nosos ríos estean baixo o paraugas administrativo do Estado. Este é o caso dos recursos fluviais xestionados a través da Demarcación Hidrográfica Miño Sil e a Demarcación do Douro (que afecta fundamentalmente a comarca de Monterrei, río Támega). Para alén dos recorrentes problemas que as diferentes localidades e sectores económicos e sociais atopan habitualmente para un amplo abano de necesidades (desde a explotación lúdica á limpeza a crises concretas como a contaminación do encoro das Conchas) desta volta viviuse un drástico baleirado de encoros que volveu poñer en evidencia a anomalía democrática de que a xestión de recursos galegos dependa de decisións a 500 quilómetros.

CSV: BOPGDSPGoMlZibCU3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2021 12:56:04
Nº Rexistro: 21759
Data envio: 15/09/2021 12:56:04.097

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É evidente que o marco da transición enerxética está a supoñer un novo proceso de recentralización na que o noso país non está a ter capacidade de actuación, opinión ou deseño dun modelo propio incardinado nos obxectivos internacionais. Asistimos a unha nova fase dun modelo imposto, espoliador e colonial polo que o noso país pon os recursos e non ten capacidade decisoria. Este exemplo pode verse nas negociacións da descarbonización, no avance dunha nova planificación e marco normativo para a enerxía eólica ou no boom eólico terrestre coa proxección de parques de máis de 50MW, que dependen do Estado

Isto acontece cun evidente abandono de funcións por parte da Xunta de Galiza, que nega un debate arredor de cal debe ser o novo modelo enerxético galego para a descarbonización ao tempo que consinte as inxerencias normativas e competenciais do Estado.

Galiza ten que aproveitar o seu potencial produtor, a súa experiencia e especialización, as súas condicións óptimas para liderar en innovación, resposta a crise climática. E para iso é necesaria unha maior capacidade de decisión sobre os seus recursos naturais e enerxéticos.

Este é un asunto que debe abordarse freando e corrixindo a política produtivista e sen planificación da Xunta de Galiza e facendo valer o autogoberno para demandar tamén un marco que respecte a capacidade de Galiza de decidir respecto das súas necesidades e prioridades enerxéticas.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Vai demandar o goberno galego as competencias plenas para a xestión dos recursos naturais e enerxéticos de Galiza?

CSV: BOPGDSPGoMlZibCU3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2021 12:56:04
Nº Rexistro: 21759
Data envio: 15/09/2021 12:56:04.097

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Vai demandar o goberno galego as reformas legais e transferencias de competencias oportunas para que sexa precisa a autorización polos órganos competentes de Galiza das liñas de transporte de enerxía eléctrica que transcorran no noso territorio?

E para a aprobación de todos os proxectos de centrais eléctricas que se sitúen na Galiza.?

Vai demandar o goberno galego a transferencia das competencias plenas sobre as bacías hidrográficas garantindo a xestión galega dos ríos do noso país que neste momento dependen das bacías do Miño-Sil?

E do Douro e Cantábrico?

Que valoración fai a Xunta de Galiza dos macroproxectos eólicos proxectados para Galiza?

Que valoración fai de que dependan de tramitación ministerial?

Como avalía o goberno galego que a xestión da gran hidráulica dependa do Estado?

Como valora a crise de baleirado dos encoros galegos?

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2021

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Carme González Iglesias

Ramón Fernández Alfonzo

Luis Bará Torres

Daniel Pérez López

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPGoMlZibCU3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2021 12:56:04
Nº Rexistro: 21759
Data envio: 15/09/2021 12:56:04.097

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 15/09/2021 12:52:15

María do Carme González Iglesias na data 15/09/2021 12:52:19

Daniel Pérez López na data 15/09/2021 12:52:27

Xosé Luis Bará Torres na data 15/09/2021 12:52:38

Noa Presas Bergantiños na data 15/09/2021 12:52:45

CSV: BOPGDSPGoMlZibCU3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2021 13:35:56
Nº Rexistro: 21765
Data envio: 15/09/2021 13:35:56.710

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, **Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos** e **María González Albert**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a situación de colapso do CHUO denunciada polos profesionais sanitarios no mes de setembro de 2021.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego tivo coñecemento dun comunicado público emitido pola Comisión de Centro do Complexo Hospitalario de Ourense respecto da saturación dos servizos de urxencias que na fin de semana do 10 de setembro lanzaban novamente as alertas de sobrecarga e saturación.

Neste sentido, a Comisión de Centro vén de denunciar que desde hai un mes o servizo de urxencias non deixa de aumentar canto a pacientes debido ao colapso da atención primaria, a que está infradotado o servizo de medicina interna e a que hospitalización leva con 22 camas pechadas desde abril baixo a coartada do impulso das obras de ampliación da UCI que se ben é necesaria, este grupo xa reclamou que non debía supoñer unha redución da capacidade de atención nin do persoal. Porén, tal e como se denunciou neste Parlamento, tivo como consecuencia o peche de ata 22 camas de hospitalización que se empregaban na 4ª dereita do materno reforzando áreas tan necesitadas como medicina interna e cardioloxía.

Os problemas da atención sanitaria da cidade, que como outras partes do país está a sufrir as consecuencias do abandono da atención primaria, trae longas esperas para poder ter unha cita presencial ou mesmo telefónica e iso deriva en que un volume importante de

CSV: BOPGDSPGoMlZibCU3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2021 13:35:56
Nº Rexistro: 21765
Data envio: 15/09/2021 13:35:56.710

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

persoas vese obrigado a acudir a urxencias por patoloxías que podían atallarse doutra forma e iso agrava a saturación do servizo, que tamén sofre de falta de persoal.

Isto acontece nun contexto no que en Galiza cada vez hai máis lista de espera para acudir a un especialista ou operarse, e isto ten consecuencias negativas sobre a vidas persoas ao demorárense os diagnósticos e tamén con consecuencias na sobrecarga das urxencias. De feito no último ano, as propias listas oficiais, que ocultan a miles de pacientes pola forma de facerse, non deixan de medrar e hai máis de 40.316 persoas agardando por unha operación e máis de 150.000 persoas esperando cita de especialista, máis do que hai un ano.

Diante desta situación é necesario que se dote un Plan de choque que permita un investimento urxente de 200 M€ adicionais a nivel galego, que permita contratar máis persoal e dotar de máis medios a atención primaria e que no CHUO se reabran as camas pechadas do CHUO e se reforce medicina interna para evitar esta situación de colapso.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Que actuacións vai levar a cabo o goberno galego para evitar a saturación das urxencias hospitalarias de Ourense?

Que valoración fai a Xunta das demandas da Comisión de Centro do CHUO?

Considera o goberno galego que a degradación da atención primaria e o impedimento obxectivo de ter cita presencial ou mesmo telefónica nun prazo razoábel contribúe a esta situación e pon en perigo a saúde da poboación?

Vai reforzar a atención primaria desta área hospitalaria? E en xeral de Galiza?

Vai reabrir as camas pechadas do CHUO?

CSV: BOPGDSPGoMlZibCU3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2021 13:35:56
Nº Rexistro: 21765
Data envio: 15/09/2021 13:35:56.710

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Vai reforzar os servizos asistenciais máis debilitados para contribuír a desconxestionar as urxencias?

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

María González Albert

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 15/09/2021 13:34:14

María Montserrat Prado Cores na data 15/09/2021 13:34:18

Noa Presas Bergantiños na data 15/09/2021 13:34:25

María González Albert na data 15/09/2021 13:34:34

Iria Carreira Pazos na data 15/09/2021 13:34:46

CSV: BOPGDSPGoMlZibCU3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21769
Data envio: 15/09/2021 14:09:52.711

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Na sesión plenaria do pasado 14 de setembro, a deputada do Grupo Popular asegurou, como xa tiña feito o conselleiro en ocasións anteriores, que nos traballos de preparación da candidatura da Ribeira Sacra a Patrimonio da Humanidade da Unesco celebráronse 36 reunións de traballo en cinco anos.

Por iso a deputada e o deputado que asinan preguntan:

1ª) Onde e cando tiveron lugar cada unha desas reunións?

2ª) Quen estaba convocado e quen asistiu a cada unha delas?

Pazo do Parlamento, 15 de setembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 15/09/2021 14:08:40

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 15/09/2021 14:08:54

CSV: BOPGDSPGoMlZibCU3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2021 16:49:51
Nº Rexistro: 21784
Data envio: 15/09/2021 16:49:51.570

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández e **Manuel Lourenzo Sobral**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o servizo de transporte do alumnado de Baamonde.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza aplaudiu e permitiu, nunha decisión insólita, que o alcalde de Begonte pechase o centro de ensino que até o pasado curso funcionou con absoluta normalidade en Baamonde.

No curso 2021/2022 cinco crianzas de entre 6 e 8 anos que até o pasado ano ían a Baamonde non contan con servizo de transporte escolar ao estar matriculadas no colexio de Parga e, segundo a Consellaría de Educación, non ser este centro ao que están adscritas.

Esta situación obriga as familias a ter que levar as súas fillas e fillos nos seus vehículos particulares por non dispor tampouco de taxis que asuman ese desprazamento.

Pola contra, oito estudantes nas mesmas condicións en que se atopan estas familias de Baamonde e que residindo en Pígara se desprazan até o colexio de Parga, si contan co servizo de transporte escolar malia non ser este o seu centro adscrito segundo os criterios da propia Consellaría de Educación.

CSV: BOPGDSPGoMlZibCU3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2021 16:49:51
Nº Rexistro: 21784
Data envio: 15/09/2021 16:49:51.570

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta situación resulta claramente discriminatoria coas familias de Baamonde e incomprensíbel ao tratar de maneira diferente a alumnado procedente do mesmo centro educativo, orixinalmente.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Por que non garante a Xunta de Galiza o servizo de transporte escolar a alumnado do desaparecido CEIP de Baamonde matriculado en Parga mais si ao alumnado de Pígara procedente do mesmo colexio?

- Vai facilitar o acceso das familias de Baamonde ao servizo de transporte?

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2021

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 15/09/2021 16:44:51

CSV: BOPGDSPGoMlZibCU3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2021 16:49:51
Nº Rexistro: 21784
Data envio: 15/09/2021 16:49:51.570

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 15/09/2021 16:44:56

CSV: BOPGDSPGoMlZibCU3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2021 17:53:27
Nº Rexistro: 21790
Data envio: 15/09/2021 17:53:27.233

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e Noa Díaz Varela, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Durante os primeiros meses deste ano tivo lugar unha intensa mobilización social no concello de Begonte tras coñecer a intención da Consellería de Cultura, Educación e Universidade de proceder á unificación dos CEIP de Baamonde e CEIP Virxe do Corpiño nun único centro, trasladando o alumnado do CEIP de Baamonde ao CEIP Virxe do Corpiño e empregar as instalacións do CEIP de Baamonde para un futuro conservatorio de música de incerta titularidade.

Este asunto tamén foi obxecto de preocupación deste grupo parlamentario que presentou diversas iniciativas, tanto preguntas ao Sr. conselleiro como de proposicións non de lei nas que se pedía que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade mantivese en funcionamento o CEIP de Baamonde, desbotando calquera posibilidade de desafectar o centro, dado que o número de alumnos se situaba seis veces por enriba do criterio establecido para pechar un centro educativo na Comunidade Autónoma de Galicia.

Todas as iniciativas encamiñadas a manter o centro en funcionamento foron rexeitadas cos votos do Grupo Parlamentario do Partido Popular, que deste xeito deu cobertura a unha proposta que partiu do alcalde deste municipio que sempre consideramos, xunto coas nais e pais do alumnado do CEIP de Baamonde e veciños, fondamente carente de fundamento.

O certo é que o CEIP de Baamonde foi pechado e o seu alumnado trasladado ao CEIP Virxe do Corpiño, ofertando como é obrigado o servizo de transporte e comedor escolar.

Non obstante, hai un colectivo de nais e pais de alumnos que optaron por matricular aos seus fillos no CEIP Santo Estevo de Parga no concello de Guitiriz, situado a 9 quilómetros de Baamonde, distancia practicamente idéntica á existente a Begonte.

Sabemos que o alumnado que se escolariza en centros que non lle corresponden por segundo a distribución das áreas de influencia delimitadas polas xefaturas

CSV: BOPGDSPGoMlZibCU3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2021 17:53:27
Nº Rexistro: 21790
Data envio: 15/09/2021 17:53:27.233

territoriais, non terá dereito a ningún dos servizos complementarios establecidos pola consellaría.

Pero tamén sabemos que por Baamonde circula unha liña de transporte escolar para o alumnado da parroquia de Pígara, que pertence ao concello de Guitiriz, ao CEIP Santo Estevo de Parga. O alumnado desta parroquia viña asistindo, dada a súa proximidade, ao CEIP de Baamonde e a Xunta de Galicia, na súa magnanimidade, garántelles este curso o transporte a calquera dos centros de Guitiriz ou Begonte.

Finalmente, sabemos que unha mínima parte desa magnanimidade sería suficiente para permitir que o alumnado de Baamonde matriculado en Parga puidese facer uso dese transporte, dado que non se trata de ofertar un novo servizo nin supón ningún incremento de custo.

A única explicación razoable a esta situación é que, de maneira inaceptable, a Xunta de Galicia segue a dar cobertura ás maneiras máis propias de tempos pretéritos que ten amosado o alcalde de Begonte diante dos seus veciños, por iso, o deputado e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Cal é a xustificación que ten a Consellería de Cultura, Educación e Universidade para non permitir que o alumnado de Baamonde que se escolariza no CEIP Santo Estevo de Parga faga uso do transporte escolar xa existente e que no seu percorrido pasa por Baamonde?

Pazo do Parlamento, 15 de setembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 15/09/2021 16:58:09

Noa Susana Díaz Varela na data 15/09/2021 16:58:22

CSV: BOPGDSPGoMlZibCU3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2021 17:56:07
Nº Rexistro: 21797
Data envio: 15/09/2021 17:56:07.759

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García, Leticia Gallego Sanromán e Noelia Otero Lago, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O Goberno de España aprobou, en febreiro de 2019, o Marco Estratéxico de Enerxía e Clima a través do cal se poñerán en marcha medidas que faciliten o cambio cara a un modelo económico sostible e competitivo que contribúa a poñer freo ao cambio climático. Este marco estratéxico estrutúrase en tres piares: o da Lei de cambio climático, o borrador do Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC), e a Estratexia de Transición Xusta. Estes tres elementos permitirán que España conte cun marco estratéxico sólido e estable para a descarbonización da súa economía: o da lei ofrece unha folla de ruta eficiente para as próximas décadas; o PNIEC senta as bases para a descarbonización durante o período 2021-2030 e en coherencia co obxectivo de alcanzar a neutralidade de emisións en 2050; e a Estratexia de Transición Xusta é unha estratexia de acompañamento solidario para asegurar que as persoas e os territorios aproveiten ao máximo as oportunidades desta transición ecolóxica sen que ninguén quede atrás.

Dous dos elementos do marco aumentan de maneira significativa a ambición climática de España. Por unha banda, a Lei de cambio climático e transición enerxética (LCCTE) expón que o sistema eléctrico sexa 100 % renovable e neutro en emisións de gases de efecto invernadoiro para o conxunto da economía no ano 2050. Doutra banda, o borrador do PNIEC que se remitiu a Bruxelas expón unha redución do 23 % das emisións de gases de efecto invernadoiro no ano 2030 respecto ao nivel de 1990. Proporcionalmente, trátase dun esforzo de mitigación moi superior ao actual obxectivo da Unión Europea, que se sitúa no 40 %, e atópase aliñado coa pinza do 50-55 % ao que se encamiña a UE.

Ademais, o borrador do PNIEC contempla alcanzar no ano 2030 un 42 % do consumo de enerxías renovables sobre o consumo de enerxía final, o que implica duplicar a cifra que se espera alcanzar este ano 2020. No caso de xeración eléctrica, a porcentaxe de renovables sería do 74 %. A eficiencia enerxética do país melloraría un 39,5 % durante a década 2021-2030. As oportunidades que se van xerar con este ambicioso aumento de obxectivos son numerosas: a mobilización de 241.000 millóns de euros ao longo da próxima década procedentes do investimento privado, público e mixto. o aforro de

CSV: BOPGDSPGoMlZibCU3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2021 17:56:07
Nº Rexistro: 21797
Data envio: 15/09/2021 17:56:07.759

aproximadamente 67.000 millóns de euros ata 2030 pola redución da importación de combustibles fósiles, o que mellorará ademais a seguridade enerxética. o crecemento entre 16.500 e 25.700 millóns de euros anuais do PIB entre 2021 e 2030, o que supoñerá 1,8 puntos porcentuais adicionais de crecemento do PIB en 2030 respecto a un escenario sen plan. o efecto positivo no emprego, xa que se xerarán entre 253.000 e 348.000 postos de traballo na próxima década, sobre todo na industria manufactureira e a construción. A revitalización económica de zonas en despoboamento, como consecuencia da creación de emprego verde neses territorios, contribúe a afrontar o reto demográfico da redución ao redor dun 27 % do número de mortes prematuras causadas pola contaminación atmosférica.

O terceiro elemento do Marco busca maximizar as ganancias sociais da transformación ecolóxica e mitigar os impactos negativos desta transición ecolóxica articulándose na Estratexia de Transición Xusta.

O Instituto para a Transición Xusta iniciou a consulta pública previa para unha nova convocatoria de axudas que, cun importe de 30 millóns de euros, está destinada a apoiar proxectos empresariais xeradores de emprego e pequenos proxectos de investimento en zonas de Transición Xusta. A estas axudas poderán presentarse as iniciativas xurdidas nas áreas de influencia das centrais térmicas das Pontes e Meirama. Púxose unha liña de axudas por valor de 7 millóns de euros destinada a apoiar iniciativas que teñan como obxectivo a creación de emprego sostible e o fomento da actividade económica nos municipios afectados polo peche de centrais termoeléctricas de carbón.

Doutra banda, o Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) propuxo na súa convocatoria de axudas a proxectos de enerxías renovables, a priorización das zonas de transición xusta. Así, en Galicia, e en colaboración co Goberno da Xunta, aprobouse a concesión de 25 puntos adicionais na valoración de proxectos localizados nestas áreas. En total adxudicáronse 8.4 M€ para instalacións térmicas renovables que mobilizarán 14.5 M€ e outros 12 M€ para instalacións eléctricas que promoverán un investimento de 33 M€. Ademais, o Goberno de España presentou dentro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia da Unión Europea un paquete de medidas específico para zonas de transición xusta por valor de 300 M€. Esta cantidade reforzará o Fondo de Transición Xusta, do que tamén se beneficiarán as zonas afectadas en Galicia. Dentro deste paquete inclúense axudas por valor de 100 M€ para proxectos infraestruturas municipais, sociais e ambientais aos que se poderán presentar municipios das zonas de influencia das Pontes e Meirama.

CSV: BOPGDSPGoMlZibCU3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2021 17:56:07
Nº Rexistro: 21797
Data envio: 15/09/2021 17:56:07.759

O compromiso do MITECO plasmouse tamén na Folla de Roteiro do Hidróxeno Renovable que concede unha atención especial ás zonas de Transición Xusta, dado o potencial que esta tecnoloxía ten para estes territorios e a contribución que pode facer ao seu desenvolvemento. Na convocatoria de interese convocada por MITECO para identificar proxectos de hidróxeno renovable, recibíronse 14 propostas para a provincia da Coruña que inclúen proxectos para As Pontes e Meirama. A mesma fórmula contémplase na Estratexia de Almacenamento que incorpora sinais de priorización para as zonas de Transición Xusta.

O MITECO trala solicitude das opcións sindicais, lanzou o proceso participativo para a elaboración do Convenio de Transición Xusta da zona de afectación das Pontes, tal como fixera para a área de Meirama. Na reunión da Mesa da Transición, o MITECO convidou á Xunta de Galicia a sumarse a esta proposta a través da sinatura dun protocolo de actuación establecido, que recolle o compromiso de todos para a elaboración e posta en marcha do convenio que servirá para identificar proxectos e iniciativas empresariais que promovan o cambio de modelo produtivo a partir dos recursos da zona, un documento informativo que contén a delimitación, caracterización e diagnóstico preliminares da zona afectada polo peche desta central térmica, convídase aos axentes sociais e económicos a achegar iniciativas e proxectos que axuden a crear un novo tecido económico sostible en termos ambientais, económicos e de emprego.

O Goberno do Estado insistiulle á Xunta de Galicia na necesidade de abordar canto antes a sinatura dos protocolos de actuación para a elaboración dos convenios para As Pontes e Meirama, documentos que recollen o compromiso expreso que adquiren as diferentes administracións para realizar un traballo conxunto na elaboración dos convenios de Transición Xusta e que xa foi subscrito por todos os gobernos autonómicos con municipios en transición enerxética como é o caso de Andalucía, Asturias, Castela-A Mancha, Castela e León e País Vasco. Trátase dun paso necesario para que os municipios que resulten incluídos na súa delimitación xeográfica teñan acceso ás axudas de Transición Xusta europeas, nacionais e do Compoñente 10 do Fondo de Recuperación, Transformación e Resiliencia que está dotado con 300 millóns de euros para os próximos 3 anos. Esta cantidade reforzará o Fondo de Transición Xusta, do que tamén se beneficiarán as zonas afectadas en Galicia.

A sinatura dos protocolos de actuación supón o compromiso expreso das diferentes administracións a realizar un traballo conxunto na elaboración dos convenios. Os procesos participativos diríxense aos axentes sociais e económicos, incluíndo ás administracións públicas, organizacións sindicais, empresas e organizacións dos sectores empresariais, pero tamén a universidades,

CSV: BOPGDSPGoMlZibCU3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2021 17:56:07
Nº Rexistro: 21797
Data envio: 15/09/2021 17:56:07.759

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

centros educativos, asociacións e organizacións ambientais non gobernamentais, axencias de desenvolvemento, grupos de acción local e demais entidades interesadas ou afectadas.

A Xunta de Galicia debe asinar o dito protocolo de convenio para poder avanzar no proceso de concreción dos novos investimentos nas localidades e para iso necesita unha maior implicación da Xunta de Galicia. O vicepresidente 2º e conselleiro de Economía e Industria cambiou o criterio sobre o futuro das Pontes, pedindo concrecións, que levan meses encima da mesa sen que a Xunta asine o protocolo que permita estudar alternativas e investimentos, é necesario que a Xunta permita desbloquear o convenio e, así, fixar novos investimentos que garantan os postos de traballo e fixar a poboación no rural.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) A que espera o Goberno galego para asinar os protocolos do convenio de Transición Xusta das Pontes e Meirama para poder avanzar no proceso de concreción dos novos investimentos nas localidades afectadas?

2ª) Dase conta o Goberno galego que pon en risco os investimentos destas localidades coa súa actitude obstrucionista?

3ª) Cales son os proxectos que ten o Goberno galego para As Pontes e Meirama?

Pazo do Parlamento, 15 de setembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 15/09/2021 17:35:47

María Leticia Gallego Sanromán na data 15/09/2021 17:36:11

Noelia Otero Lago na data 15/09/2021 17:36:20

CSV: BOPGDSPGoMlZibCU3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 21811
Data envio: 15/09/2021 18:40:00.812

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, **Daniel Pérez López, Ramón Fernández Alfonzo** e **Carme González Iglesias**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No día de onte 14 de setembro, o portavoz municipal do PP en Pontevedra fixo unhas declaracións esclarecedoras, nas que admitiu que a prórroga concedida a ENCE en 2016 foi feita de maneira irregular e que esa é a verdadeira causa do peche da fábrica.

O mesmo portavoz tamén admite que a sentenza da Audiencia Nacional é concluinte, e que supón o final da presenza da fábrica na ría de Pontevedra.

Diante desta situación, o goberno galego non pode seguir mantendo unha postura numantina, aliñada cos intereses de ENCE. Non pode seguir situado na trincheira, na oposición, e debe poñerse a traballar en serio, asumindo as súas competencias, para garantir a recuperación da ría, o desmantelamento e rexeneración dos terreos que ocupa a fábrica, e a procura dun novo emprazamento para desenvolver un grande proxecto industrial do sector forestal galego. Un proxecto liderado pola Xunta, da man do sector forestal galego, para aproveitar o potencial produtivo do noso país, nun modelo de monte multifuncional, para fomentar a transformación da madeira en produtos de alto valor engadido, asegurando o peche de ciclos.

CSV: BOPGDSPGoMlZibCU3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 21811
Data envio: 15/09/2021 18:40:00.812

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A estas alturas está claro que a empresa ENCE non está interesada no debate da procura dun novo emprazamento, porque vai en contra dos seus intereses. Entre outras razóns porque en coherencia co recurso de casación que anunciou ten que seguir defendendo a permanencia na ría de Pontevedra.

É por iso que non merecen ningunha credibilidade as informacións trasladadas pola empresa, e repinicadas pola Xunta, sobre a imposibilidade de construír unha fábrica de produción de Celulosa e de papel en ningún lugar da xeografía galega que non sexan os terreos de dominio público de Lourizán.

Por outra parte, en declaracións públicas, o vicepresidente da Xunta e conselleiro de Economía manifestouse favorábel a estudar novos emprazamentos para este centro industrial. E o Presidente da Xunta manifestou que en Galiza hai sitio para dúas pasteiras.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Comparte o goberno galego as declaracións do portavoz municipal do PP en Pontevedra a respecto da prórroga de ENCE e da sentenza da Audiencia Nacional?

- Comparte o goberno galego que os intereses xudiciais de ENCE son incompatíbeis coa defensa dun novo emprazamento?

- Que estudos fixo a Xunta para avalar as declaracións do señor Feixóo a respecto da capacidade do país para dúas pasteiras e onde estarían situadas estas dúas pasteiras?

- É favorábel o goberno galego á encarga dun estudo ao sistema galego de coñecemento (universidades e centros tecnolóxicos) sobre posíbeis alternativas de emprazamento para un complexo industrial forestal de transformación de produtos

CSV: BOPGDSPGoMlZibCU3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 21811
Data envio: 15/09/2021 18:40:00.812

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

derivados da madeira que inclúa unha planta de celulosa e de fabricación de papel, así como posíbeis instalacións industriais para a obtencións de biomateriais de alta demanda e alto valor engadido?

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2021

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Carme González Iglesias

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 15/09/2021 18:37:12

María do Carme González Iglesias na data 15/09/2021 18:37:16

Ramón Fernández Alfonzo na data 15/09/2021 18:37:25

Daniel Pérez López na data 15/09/2021 18:37:41

CSV: BOPGDSPGoMlZibCU3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 09:32:03
Nº Rexistro: 21817
Data envio: 16/09/2021 09:32:03.473

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé, Manuel Lourenzo Sobral e **Alexandra Fernández Gómez**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a situación da Ría de Pontevedra post ENCE.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No día de onte, 14 de setembro, o portavoz municipal do PP en Pontevedra fixo unhas declaracións esclarecedoras, nas que admitiu que a prórroga concedida a ENCE en 2016 foi feita de maneira irregular e que esa é a verdadeira causa do peche da fábrica.

O mesmo portavoz tamén admite que a sentenza da Audiencia Nacional é concluínte, e que supón o final da presenza da fábrica na ría de Pontevedra.

Diante desta situación, o goberno galego non pode seguir mantendo unha postura numantina, aliñada cos intereses de ENCE. Non pode seguir situado na trincheira, na oposición, e debe poñerse a traballar en serio, asumindo as súas competencias, para garantir a recuperación da ría, o desmantelamento e rexeneración dos terreos que ocupa a fábrica, e a procura dun novo emprazamento para desenvolver un grande proxecto industrial do sector forestal galego. Un proxecto liderado pola Xunta, da man do sector forestal galego, para aproveitar o potencial produtivo do noso país, nun modelo de monte multifuncional, para fomentar a transformación da madeira en produtos de alto valor engadido, asegurando o peche de ciclos.

CSV: BOPGDSPGoMlZibCU3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 09:32:03
Nº Rexistro: 21817
Data envio: 16/09/2021 09:32:03.473

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por outra parte, a claridade e contundencia da sentenza fai necesario que a Xunta se poña a traballar nun escenario da ría de Pontevedra post-ENCE. Debe abrir un proceso de diálogo co Ministerio para a Transición Ecolóxica e co Concello de Pontevedra para planificar e desenvolver o previsto na Disposición Adicional Terceira do Plan de Ordenación do Litoral:

DISPOSICIÓN ADICIONAL 3ª POL

ÁREA DE MELLORA AMBIENTAL E PAISAXÍSTICA

O obxecto desta área é o da recuperación do espazo que quedará vacante coa materialización do traslado destas instalacións a outra localización no horizonte do ano 2018

"O desenvolvemento e consecución destes obxectivos concretarase mediante a ***redacción do instrumento de ordenación territorial ou urbanístico máis adecuado****, atendendo ao interese público e á utilidade social da actuación que deberá abordar conxuntamente as accións de rexeneración, restauración e reordenación do ámbito de recualificación previsto nos terreos actualmente ocupados".*

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Que folla de rota ten a Xunta de Galiza en relación co escenario creado pola sentenza da Audiencia Nacional sobre ENCE, que anula a prórroga concedida en 2016 polo goberno central?

. Que previsións ten a Xunta para a ría de Pontevedra post-ENCE?

CSV: BOPGDSPGoMlZibCU3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 09:32:03
Nº Rexistro: 21817
Data envio: 16/09/2021 09:32:03.473

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Que iniciativas ten previsto desenvolver a Xunta en relación coa disposición adicional terceira do POL?

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2021

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Paulo Ríos Santomé

Manuel Lourenzo Sobral

Alexandra Fernández Gómez

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 16/09/2021 09:27:11

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 16/09/2021 09:27:14

Paulo Ríos Santomé na data 16/09/2021 09:27:23

Xosé Luis Bará Torres na data 16/09/2021 09:27:30

CSV: BOPGDSPGoMilZibCU3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 10:16:08
Nº Rexistro: 21826
Data envio: 16/09/2021 10:16:08.984

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

O último Informe de Innovación Rexional da Comisión Europea, correspondente ao ano 2021, Galicia consegue subir 34 postos no ranking europeo. Se hai dous anos ocupaba o posto número 190, agora é o posto 156 dun total de 240 rexións. Non obstante, a pesar de que mellora nalgúns dos indicadores analizados, falla nunha clave: o gasto en I + D nos sectores público e privado, que non só empeora en comparación con 2019 senón que está aínda lonxe da media europea.

A Comisión Europea avalía 21 indicadores para avaliar o grao de innovación nas rexións, un factor clave que determina o grao de fortaleza das súas economías.

A Comisión Europea publicou o informe este verán actualizando o seu indicador rexional de innovación. Como calquera indicador sintético que ten en conta varios factores para concluír cun único número, non é nin perfecto nin indiscutible. Pero é o mellor existente para o conxunto de rexións europeas. É transparente e obxectivo e, en xeral, ten apoio académico. Por este motivo, a Xunta de Galicia debería examinar atentamente as súas conclusións para examinar onde se atopa a nosa comunidade autónoma, en que áreas está mellorando e en que é feble e que dinámica se segue. Isto pode permitirnos reorientar as accións e as prioridades. Non esquezamos que este indicador úsase nos informes elaborados por consultores de todo tipo sobre o atractivo das rexións para a recepción de investimentos estranxeiros.

Galicia sitúase no grupo de rexións de innovación moderada, pero no nivel baixo. A súa cualificación mellorou 16 puntos en dous anos ata o 78,9, sendo a media europea de 100. Si se compara co resto de España, ocupa o oitavo posto no ranking, moi por detrás das rexións clasificadas na categoría "forte". Como o País Vasco ou Madrid.

A debilidade de Galicia está no I + D, que non é o mesmo que a innovación. A investigación mídese como o investimento para adquirir coñecemento e a innovación é aplicar ese coñecemento para aumentar o capital e ser máis competitivos. Os expertos argumentan que o I + D é o que permite sacar ao mercado produtos máis innovadores e disruptivos.

CSV: BOPGDSPGoMlZibCU3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 10:16:08
Nº Rexistro: 21826
Data envio: 16/09/2021 10:16:08.984

A comunidade galega xa partiu en 2019 dunha mala situación no investimento en investigación e desenvolvemento e dous anos despois a súa puntuación empeora. O gasto público en I + D sitúase agora no 64 % da media da UE, mentres que o desembolso empresarial só é do 32 por cento, o que leva a Galicia ata o lugar 68 por detrás do total de 240 rexións europeas.

E esta é tamén unha das principais diferenzas co norte de Portugal. No investimento privado en I + D, os portugueses case dobran a puntuación que lle dá a Comisión Europea a Galicia e tamén nos superan no gasto público en investigación.

En canto os baremos que están máis ligados á actividade empresarial, os portugueses volven estar á cabeza. Segundo a análise da Comisión Europea, o norte de Portugal obtén dobre nota que Galicia na "innovación de produto" e nos "procesos de negocio". Tamén é salientable a fenda nas solicitudes de marcas rexistradas onde os veciños portugueses sacan gran vantaxe á comunidade galega. De feito, Galicia empeora a súa puntuación neste indicador

